

**Deputación Provincial  
Ourense  
Anuncio**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense acordou, na sesión que tivo lugar o día 12 de xaneiro de 2018, aprobar as seguintes:

**Bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2018**

Para cumprir o devandito acordo, publícase, deseguido, o texto íntegro das mencionadas bases:

**Primeira.- Obxecto:**

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión de subvencións, por parte da Deputación Provincial de Ourense, destinadas a clubs deportivos da provincia de Ourense, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva, coa finalidade de financiar parcialmente os gastos derivados da súa participación na competición deportiva durante a temporada 2017-2018.

**Segunda.- Beneficiarios:**

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases os clubs deportivos que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar inscritos nos rexistros deportivos correspondentes da Xunta de Galicia.
- b) Ter o seu domicilio social na provincia de Ourense, circunstancia que deberá constar na inscrición no rexistro deportivo oficial da Xunta de Galicia.
- c) Participar, na temporada 2017/2018 en competicións oficiais, calquera que sexa o seu ámbito, convocadas polas súas respectivas federacións.
- d) Posuír, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría senior ou absoluta. Para os clubs que compitan en disciplinas individuais establécese como requisito básico posuír un mínimo de dez licenzas federativas de deportistas de base en competición.

2. Non poderán ser beneficiarios os clubs que só participen en ligas ou competicións locais ou comarcais, ou exclusivamente no deporte escolar ou ligas de empresas.

### **Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:**

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 34111/48201 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2018.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 400.000,00 euros.

### **Cuarta.- Contía máxima das subvencións:**

As subvencións terán unha contía máxima de 24.000,00 euros por cada beneficiario.

### **Quinta.- Solicitudes: lugar e forma de presentación, prazo e documentación:**

#### **Quinta 1. Lugar e forma de presentación:**

As solicitudes, subscritas polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 16 da Lei de procedemento administrativo das administracións públicas.

A presentación poderá realizarse por calquera dos seguintes medios:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na oficina de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial, nas oficinas de asistencia de calquera outra administración pública, nas oficinas das representacións diplomáticas ou consulares de España ou nas oficinas de correos.

b) De forma telemática, mediante a presentación en documento electrónico ca solicitude e da documentación anexa, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://www.depourense.es/index.php/es/sede-electronica-es>) ou no rexistro electrónico de calquera outra entidade do sector público.

#### **Quinta 2. Prazo de presentación:**

O prazo improrrogable de presentación iniciarase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, e rematará o 28 de febreiro de 2018, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

#### **Quinta 3. Documentación que debe presentarse:**

As solicitudes deberán formularse achegando dous tipos de documentación: en primeiro lugar, documentación administrativa, para a acreditación do cumprimento dos requisitos para a participación na convocatoria; en segundo lugar, documentación valorable, para a valoración dos méritos do solicitante.

De conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non é esixible que a documentación presentada sexa orixinal, polo que, tanto na modalidade de presentación presencial como na de presentación telemática, admitirase a presentación de copias simples.

Non obstante o anterior, nos casos en que a copia presentada suscite dúbidas pola súa calidade, a Deputación poderá solicitar de xeito motivado o cotexo da copia presentada, para o que se poderá requirir a exhibición do documento ou información orixinal.

O detalle da documentación administrativa e valorable que debe presentarse é o seguinte:

a) Documentación administrativa:

a.1) Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

a.2) Estatutos sociais do club.

Os solicitantes estarán eximidos de presentar os estatutos sociais da entidade (apartado a.2) cando este documentos xa obrase en poder da Deputación, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior.

a.3) Poder co que actúe o representante do club, agás que a dita función lle corresponda conforme aos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación se acreditará mediante documento do seu nomeamento ou elección.

a.4) Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de acharse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

a.5) Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

a.6) Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación, de ser o caso, de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do aviso do inicio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado a.6) non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da páxina web (e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento) conforme co sinalado nas bases 7ª e 11ª, respectivamente.

a.7) De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o DNI do representante, o CIF da entidade e o certificado de inscrición no rexistro deportivo da Xunta de Galicia no que conste o domicilio social do club ou documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente, dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar a dita documentación coa solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

b) Documentación obrigatoria para a valoración da solicitude:

É obrigatorio cubrir completamente todos os anexos oficiais da convocatoria, excluíndose da valoración aqueles apartados dos anexos que non veñan cumprimentados.

1. Ficha de avaliación da estrutura e incidencia social da entidade, segundo o modelo recollido no anexo V destas bases (deberá presentarse unha ficha por cada disciplina ou modalidade deportiva, no caso de desenvolverse máis dunha).

2. Ficha de avaliación da situación económica da entidade e custos da actividade, segundo o modelo recollido no anexo VI destas bases, incluíndo, dunha parte, os datos da última liquidación oficial do club, que recolla con exactitude o resultado das operacións realizadas e que reflecta a imaxe fiel da súa actividade económica, e doutra parte, o orzamento da presente temporada 2017/2018. Tamén deberán cumprimentarse as follas cos gastos por quilometraxes realizados durante a pasada temporada 2016-2017 e, se procede, a seguinte folla de previsión de incrementos para a temporada actual. O anexo VI deberá ir asinado, en todas as súas follas, polo presidente e o tesoureiro do club solicitante.

3. Ficha de avaliación do nivel da competición (unha ficha por cada modalidade deportiva, se é o caso) segundo o modelo recollido no anexo VII destas bases. A esta ficha unirase obrigatoriamente o calendario ou calendarios da competición da temporada 2017/2018. Para aqueles clubs que, no momento de cubrir a documentación, non coñezan o seu calendario de competición, deberán acompañar o da última temporada deportiva ou a previsión razoada da configuración do calendario da temporada 2017-2018. Para as entidades de disciplinas individuais tamén deberán cumprimentar folla coa relación nominal de previsión de participación en competicións oficiais, na presente temporada, dos seus principais deportistas.

4. Certificado do número de licenzas expedido pola federación galega da disciplina deportiva correspondente, acreditativo do número de licenzas federadas por categorías do club solicitante na temporada 2017/2018, así como do número de licenzas da modalidade deportiva na provincia de Ourense e no conxunto da comunidade autónoma na mesma temporada, segundo o modelo recollido no anexo VIII. Para aqueles clubs que, no momento de cubrir a documentación, non comezaran a súa temporada deportiva, deberán acompañar certificado co número de licenzas da última temporada.

#### **Quinta 4. Regras de presentación en papel da documentación esixible:**

Cando os interesados presenten en papel a solicitude e a documentación anexa, deberán presentar a dita documentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial ou de calquera outra entidade do sector público ás que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como en representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España. A oficina dixitalizará os documentos, emitindo unha copia electrónica auténtica destes, que se remitirá á unidade administrativa competente pola propia oficina. Os documentos en papel presentados devolveranse no acto ao interesado, en unión dun recibo acreditativo da presentación da solicitude e a documentación anexa.

Alternativamente, poderán presentar a documentación en papel nunha oficina de correos, que procederá á súa dixitalización e envío electrónico á Deputación a través do servizo de rexistro virtual electrónico coa administración (ORVE) de Correos, procedéndose do mesmo xeito indicado no parágrafo anterior.

#### **Quinta 5. Regras de presentación telemática da documentación esixible:**

Cando os interesados opten pola presentación telemática no rexistro electrónico da Deputación, deberán acceder ao rexistro na sede electrónica da Deputación, procedendo do seguinte xeito:

a) Deberán cubrir a solicitude e os anexos I, II, III, IV, V, VI, VII, VIII e IX que estarán dispoñibles na sede electrónica. Non é obrigatorio, non obstante, cubrir o anexo IV, pero en caso de non presentarse non se formulará ningunha comunicación individual ao interesado durante o procedemento.

b) Deberán ademais imprimir o anexo VIII para que sexa cuberto, asinado e selado polo secretario da federación deportiva correspondente. Este documento, en unión dos estatutos sociais e o poder do representante, deberá dixitalizarse e xuntarse á solicitude.

No caso do anexo VIII, será igualmente válido que presenten o documento electrónico do dito anexo emitido e asinado ou selado electronicamente pola federación.

c) Unha vez cubertos a solicitude e todos os anexos así como achegada o resto de documentación, procederán a asinar electronicamente e enviar a súa solicitude, xerándose automaticamente o recibo acreditativo da súa presentación. A sinatura electrónica deberá realizarse mediante os sistemas de sinatura electrónica previstos no artigo 10.1, apartado a),

da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Quinta 6. Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:**

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

**Sexta.- Gastos subvencionables:**

Consideraranse gastos subvencionables os derivados da participación do club en competición deportiva oficial durante a temporada 2017-2018, sempre que se atopen incluídos nos supostos definidos polo artigo 31 da Lei xeral de subvencións.

**Sétima.- Procedemento de concesión:**

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.
2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para emendar as deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Para a achega desta documentación, poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo IX destas bases, que estará igualmente dispoñible na sede electrónica da Deputación.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2018. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3 a) punto 6, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

3. Concluído o trámite de emenda de deficiencias e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá informe co contido previsto no artigo 7.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e remitiralle o actuado á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta provisional de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles a través da páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2018. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3 a) punto 6, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 10ª.

**Oitava.- Comisión de Valoración:**

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o deputado delegado en materia de deporte.
- Vogais:
- O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
- A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
- O xefe do Servizo de Deportes, ou funcionario que legalmente o substitúa.

- Un técnico deportivo de recoñecida e contrastada competencia, designado pola Presidencia.

Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Sé é caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia deportiva, que actuarán como asesores da comisión.

**Novena.- Criterios de valoración para a concesión das subvencións:**

1. Para efectuar a valoración teranse en conta as seguintes regras:

a) É obrigatorio cubrir todos os anexos oficiais da convocatoria , de xeito que, se algunha folla non viñera cuberta, non será valorada. Nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos ou padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a aplicación dos correspondentes criterios de valoración, asignarase unha valoración de cero puntos nos criterios afectados.

No suposto en que os documentos conteñan discrepancias ou incongruencias nos datos presentados, para a valoración tomaranse en consideración exclusivamente os datos de menor incidencia en aplicación dos criterios de valoración afectados.

b) A Comisión de Valoración poderá, cando o considere oportuno, solicitar de oficio a información necesaria para verificar os documentos presentados polo solicitante para a valoración da súa solicitude.

c) Así mesmo, a Comisión de Valoración, en atención ao número de solicitudes presentadas, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións.

d) Con independencia da súa valoración, en ningún caso se concederán subvencións por importe superior á contía pedida na solicitude.

2. As solicitudes admitidas a trámite avaliaranse segundo os catro indicadores xerais seguintes:

a) Estrutura do Club: ata 120 puntos.

b) Situación económica da entidade: ata 80 puntos

c) Nivel da competición: ata 60 puntos

d) Incidencia social: ata 40 puntos.

a) **Estrutura do club**: Este indicador avaliará a configuración e estrutura da entidade, a partir de datos obxectivos, como son o número de equipos con actividade, número de licenzas, apoio ao deporte de formación, feminino e cadro de técnicos.

**a.1- Número total de licenzas federadas en competición da entidade**, dando maior puntuación canto maior sexa o número de licenzas. *(Ata 40 puntos)*

**a.2- Número total de licenzas na provincia da súa modalidade deportiva**: Este apartado establece a relación entre licenzas da disciplina deportiva na provincia e o número de licenzas da entidade. Daráselle a maior puntuación ao club que posúa maior número de licenzas en relación aos totais da provincia. *(Ata 10 puntos)*

**a.3- Número de deportistas en categoría feminina**, dándolle maior puntuación aos clubs que teñan maior número de deportistas femininas. *(Ata 20 puntos)*

**a.4- Número de equipos e categorías do club con especial referencia aos de categorías de base (inferior a sénior ou absoluta)** para valorar a súa estrutura de club de formación, dando maior puntuación cantos máis equipos de base posúa e canto máis cubertas estean todas as categorías. *(Ata 30 puntos)*

**a.5- Entidades con dúas ou máis disciplinas ou modalidades deportivas**, para recoñecer o esforzo por diversificar a oferta deportiva, primando os que posúan máis equipos. *(Ata 10 puntos)*

**a.6- Cualificación do cadro técnico do club**, dando maior puntuación pola maior cualificación técnica. *(Ata 10 puntos)*

**b) Situación económica da entidade**: Este indicador avaliará a situación económica da entidade resultado do análise dos gastos de quilometraxe, orzamentos e liquidación . *(Ata 80 puntos)*

**b.1- Gastos de quilometraxe do club por temporada deportiva, en competicións oficiais**, por constituír un dos indicativos máis relevantes da programación dun club e un dos custos máis significativos nos seus orzamentos, dando maior puntuación canto maiores sexan os gastos. *(Ata 40 puntos)*

**b.2- Xestión económica da entidade solicitante**: valorarase a racionalidade e eficiencia da xestión económica do club, resultante do exame dos seus orzamentos para a temporada 2017-2018 e da súa última liquidación, tendo en conta o esforzo económico

realizado, enténdéndose como tal, a maior consecución de recursos non públicos (tales como cotas de socios ou patrocinios privados). (*Ata 40 puntos*)

**c) Nivel da competición:** Este indicador avaliará o ámbito xeográfico da competición e a categoría na que participe o club, dando maior puntuación canto máis importante sexa a competición. (*Ata 40 puntos*)

No caso de que un club teña máis dun equipo en categoría diferente, poderáselle outorgar unha puntuación adicional de ata **20 puntos**.

**d) Incidencia social:** Neste apartado terase en conta a singular importancia dun club no fomento, desenvolvemento e influencia da práctica deportiva nunha comarca, municipio ou barrio concreto: valorarase a singular importancia que un club poida ter na realidade da práctica deportiva nun ámbito territorial específico, primando a aqueles que posúan unha especial significación social por constituír a única ou principal canle para a práctica dunha determinada disciplina deportiva nunha concreta zona do territorio. Tamén terase en consideración a antigüidade do club e aqueles que manteñan algunha iniciativa deportiva con persoas discapacitadas, ben sexa porque son entidades de disciplinas con discapacitados ou, sen que o sexan, manteñan algunha forma de participación na integración deste colectivo. (*Ata 40 puntos*).

2. Unha vez coñecidas as puntuacións resultantes, procederase á clasificar as entidades admitidas e baremadas en catro grandes grupos, en función da incidencia recíproca que teñen entre si os tres indicadores xerais:

- **Grupo I de competición nacional.** Neste grupo deberán integrarse aqueles clubs que participan, co seu equipo de categoría absoluta, nun ámbito xeográfico que estende a maior parte da competición durante a temporada a toda España.

- **Grupo II de competición autonómica-nacional, mixto.** Os clubs que realizan a súa competición compartida entre a Comunidade Autónoma e o resto do Estado, poderán ter acollida neste grupo.

- **Grupo III de competición autonómica.** Os que disputen a súa competición regularmente no marco da Comunidade Autónoma.

- **Grupo IV de competición provincial.** Neste grupo integraranse as entidades deportivas que disputen competicións puntuais a nivel autonómico e/o competicións regulares a nivel provincial.

Para os efectos da correcta interpretación da clasificación precedente, a Comisión de Valoración deberá ter en conta, ademais do indicado, as seguintes consideracións:

- No momento de integrar a un club en calquera dos catro grupos indicados, deberá ter especial estimación o reflectido no anexo VII “gastos por “quilometraxes” por constituír un dos principais indicadores obxectivos do ámbito territorial dunha entidade deportiva.

- Outro dos parámetros que definen o indicado ámbito será a rigorosa análise da globalidade do calendario de competición. A participación illada dun equipo ou compoñentes dun club, nunha determinada competición, non deberá garantir automaticamente a incorporación a un grupo determinado.

**Décima.- Resolución:**

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falta de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida. O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención, se é o caso, poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible, coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterà unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

#### **Undécima.- Publicidade da concesión:**

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2018.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, apartado 3.a), punto 6, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na páxina web <http://www.depourense.es>. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

#### **Décimo segunda.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:**

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade ou, de ser o caso, na páxina web do club deportivo.

En caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa

de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

**Décimo terceira.- Xustificación e pago da subvención:**

1. A subvención xustificárase mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión.

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade, con indicación do seu importe e a súa procedencia.

A relación de gastos e ingresos deberá referirse ao gasto e ingreso total efectuado pola entidade beneficiaria durante o período subvencionable.

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indícaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) Factura xustificativa dos gastos (ordinaria ou simplificada, de proceder esta última) en orixinal, duplicado ou copia simple.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, o gasto xustificárase mediante recibín asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) acompañado do xustificante de pago a través de entidade bancaria e, se é o caso, do documento de ingreso a favor da administración tributaria do importe retido en concepto de IRPF; exclúirase a xustificación por non cumprir coas obrigas fiscais.

- No caso de gastos de arbitaxes, achegarase, ademais do sinalado no parágrafo anterior, certificación do correspondente colexio de árbitros ou entidade que asuma as súas funcións, acreditativa do gasto realizado.

- No caso de gastos de desprazamentos de deportistas con medios propios, deberase presentar unha declaración xurada dos desprazamentos ao prezo máximo de 0,19 euros por km, asinada polo deportista e co visto e prace do presidente e secretario da entidade.

- No caso de desprazamento colectivo do club con medios propios, deberá presentarse unha certificación do secretario do club, co visto e prace do presidente, acreditativa do gasto realizado, con indicación da data e lugar de desprazamento.

Os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

E) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

F) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

2. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

3. A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.

4. No caso de non acreditarse a realización de gasto corrente por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento do club reflectido na ficha de avaliación económica da entidade, que serviu de base para a concesión da subvención, esta reducirase proporcionalmente.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento do club presentado coa ficha de avaliación da situación económica da entidade, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención concedida.

5. De advertirse deficiencias de carácter corrixible na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, con curso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2018. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3 a) punto 9, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

6. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declararase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

7. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

8. Sen prexuízo do anterior (e adicionalmente ao control financeiro simplificado previsto no apartado 2, parágrafo 2º desta base) a Intervención da Deputación Provincial poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a

Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

9. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación como data límite o 31 de outubro de 2018. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 31 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

Tanto a xustificación como a renuncia poderán presentarse en calquera dos lugares previstos na base quinta, de forma presencial ou telemática. Serán de aplicación as regras establecidas na base quinta para a presentación en papel ou telemática das solicitudes (referidas á documentación da conta xustificativa á que se refire esta base) así como a inexistencia da obriga de presentación de documentación orixinal.

10. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a pedimento dos interesados, suxeitos á constitución de garantía por importe do 100% do anticipo solicitado.

Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

a) Aval de entidade de crédito

b) Seguro de caución

c) Fianza en metálico

d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000 euros, admitirase fianza solidaria prestada por dúas ou máis persoas físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.

11. Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas do gasto correspondente. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que

a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

**Décimo cuarta.- Obrigas dos beneficiarios:**

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

**Décimo quinta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas:**

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Así mesmo, estas subvencións tamén serán compatibles con outras subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, sempre que se concederan a través de procedementos de concorrencia competitiva e sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

**Décimo sexta.- Reintegro e perda do dereito á subvención:**

A Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda da subvención poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro ou a perda da subvención incluírán sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ao 100% do seu custo, a Deputación Provincial reducirá proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou declaración da perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Xunta de Goberno ditará a resolución que corresponda.

**Décimo sétima.- Normativa aplicable:**

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Contra este acordo, pode interporse, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos os dous recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP.

Non obstante o anterior, poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime pertinente.

Ourense, 15 de xaneiro de 2018.

O presidente.

R. 143

\* \* \*